

ACTA NÚMERO: 03/2026

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 22 DE XANEIRO DE 2026.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 22 de xaneiro de 2026 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, en funcións de Secretario Accidental.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión correspondente ao día, 8 de xaneiro de 2026 (Reunión 01/2026).
2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a Imprenta Provincial da Deputación. (Expte.- 2025025952).
3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Posta en valor do recurso ecosistémico da Rapa das Bestas (Concello de A Estrada)". (Expte.- 2024080449).
4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria, reposición de cunetas na E.P. 1201 Marín-As Penizas, dende o P.Q. 1+650 ao 2+060. Concello de Marín". (Expte.- 2025051588).
5. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" relativos á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980 (Concello de Pazos de Borbén)". (Expte.- 2025068408).
6. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980 (Concello de Pazos de Borbén)". (Expte.- 2025068408).
7. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o P.Q. 1+000 ata o P.Q. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)". (Expte.- 2025064133).
8. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o P.Q. 1+000 ata o P.Q. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)". (Expte.- 2025064133).
9. Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a subministración de equipos informáticos e licenzas de software para reforzar o sistema de xestión tributaria da Deputación. (Expte.- 2025070269).
10. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da Implantación uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos de menos de 50.000 habitantes. (Expte.- 2025064680).
11. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da Implantación uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos de menos de 50.000 habitantes. (Expte.- 2025064680).



12. *Solicitud da empresa ARDORA COMUNICACIÓN SLU (NIF: B70159587), para participar no sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de deseño, maquetación, impresión, encuadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos. (Expte.- 2025050606).*

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE e D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. *Aprobación da acta da reunión correspondente ao día, 8 de xaneiro de 2026 (Reunión 01/2026).*

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente ao día, 8 de xaneiro de 2026 (Reunión 49/2025).

2. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a Imprenta Provincial da Deputación. (Expte.- 2025025952).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo nº 20.35872, adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión ordinaria que tivo lugar o día 12 de decembro de 2025, deixouse sen efecto e anulouse o acordo de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra, adoptado en data 24 de outubro de 2025, en execución da Resolución 238/2025 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL).

No devandito acordo, tamén se ordenou a retroaccións das actuacións ao momento anterior á valoración dos criterios de adxudicación de carácter automático, co obxecto de efectuar unha nova valoración, de forma máis completa, precisa e inequívoca en relación ao cumprimento dos pregos.

En execución do anteriormente exposto a Mesa de Contratación, na reunión do día 18 de decembro de 2025, acordou requirir á empresa CANON ESPAÑA, S.A.U. para que, dentro do prazo de cinco (5) días hábiles, a contar desde o seguinte ao de recepción do requirimento, presentase documentación acreditativa do cumprimento do criterio obxecto de controversia correspondente ao Lote nº 1, de conformidade co disposto no artigo 95 da LCSP e en cumprimento do contido na resolución do TACGAL e no acordo da Xunta de Goberno anteriormente referidos.

A empresa CANON ESPAÑA, S.A.U. presentou, dentro do prazo, a documentación acreditativa e aclaratoria requirida a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra, con data 29 de



decembro de 2025 (registro de entrada nº WEB2025087442), en resposta ao requirimento efectuado por esta administración (RP nº 2025010382, de 19 de decembro de 2025).

Posteriormente, con data 20 de xaneiro de 2026, a xefa de Novas Tecnoloxías emitiu informe técnico (CSV: QP3PB87XP9UT9WJO), no que se avalía a documentación acreditativa presentada pola empresa CANON ESPAÑA, S.A.U, tomando en consideración os razoamentos expostos pola empresa SOLITIUM, S.L. no seu recurso, concluíndo o seguinte:

“Dada la vista del criterio de adjudicación 4.4 del PCAP (“Si el consumo eléctrico del equipo en funcionamiento es inferior a 2.500 W”) y de la aclaración publicada en PLACE, el debate se centra en determinar qué debe entenderse por “equipo en funcionamiento” considerando que el alcance de la configuración y puesta en funcionamiento del objeto del contrato está expresado en el PCA y PPT como ya se explicó en el cuerpo del informe.

La Mesa de Contratación requirió expresamente a CANON la confirmación y la acreditación documental objetiva del cumplimiento del umbral para la “solución ofertada... (equipo(s) y configuración conjunta con todos los elementos ofertados)”, identificando el modelo y la configuración, los valores de consumo, el método empleado y la documentación soporte verificable.

CANON contesta ratificándose e indicando un consumo en funcionamiento de 2.426 W según su Eco-declaración, sosteniendo además que el pliego se refiere al “consumo del equipo” sin exigir integrar accesorios; no ratifica sin lugar a dudas que la solución ofertada, con el conjunto de componentes ofertados, sea inferior a 2.500 W, ni aporta en el propio escrito el detalle de la configuración completa ni el método de determinación aplicado al conjunto.

Dado que CANON únicamente hace referencia a un consumo de 2.426 W asociado al “equipo”, sin identificar de manera inequívoca que ese valor corresponda a la solución ofertada en su configuración conjunta con todos los elementos incluidos, puede inferirse razonablemente que, si 2.426 W fuese el consumo de una parte del sistema, el consumo del conjunto podría superar el umbral de 2.500 W; en consecuencia, con la documentación examinada, no queda plenamente aclarado ni acreditado de manera objetiva y comprobable (en los términos del requerimiento) que el consumo eléctrico de la solución ofertada en funcionamiento sea inferior a 2.500 W y, por tanto, se considera que no procede otorgar los 3 puntos asignados a este criterio de adjudicación”.

Á vista do exposto, a Mesa de Contratación **ACORDA**:

1.- Prestar conformidade ao informe do servizo de Novas Tecnoloxías, de data 20 de xaneiro de 2026 (CSV: QP3PB87XP9UT9WJO) e, en base ao exposto, deixar sen efecto o informe de puntuacións, de data 29 de setembro de 2025 (CSV: 9SEVG6BL5JIP2I58).

2.- Volver a aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto convocado para contratación da “*subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra*”, de conformidade coas puntuacións acadadas na nova valoración efectuada, quedando como segue:

Lote nº 1: Novo equipo de impresión dixital profesional



Clasificación	Empresa	Puntuación Sobre B (Máx.25 puntos)	Puntuación Sobre C (Máx. 75 puntos)	Puntuación total
1ª	Solitium, S.L. (CIF: B50570571)	22,000	56,726	78,726
2ª	Canon España, S.A.U. (CIF: A28122125)	13,000	64,830	77,830

Lote nº 2: Ricoh Pro C7100

Clasificación	Empresa	Puntuación Sobre B (Máx.25 puntos)	Puntuación Sobre C (Máx. 75 puntos)	Puntuación total
1ª	Solitium, S.L. (CIF: B50570571)	22,000	6,423	28,423

2.- Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, á empresa Solitium, S.L. (CIF: B50570571) no Lote nº 1 e no Lote nº 2, polos seguintes prezos e valores ofertados:

Lote nº 1: Novo equipo de impresión dixital profesional:

Cota fixa mensual do servizo:

	Prezo MENSUALIDADE	Prezo 2 ANUALIDADES
Importe sen o IVE:	3.463,95 €	83.134,90 €
IVE (21 %):	727,43 €	17.458,33 €
Importe total ofertado:	4.191,38 €	100.593,23 €

Prezo unitario de referencia para as copias:

	Prezo unitario, sen IVE	Prezo unitario, con IVE
Copia a cor	0,017500 €	0,021175 €
Copia en b/n	0,000001 €	0,00000121 €



Melloras nas características funcionais dos equipos:

- O equipo permite impresión automática a dobre cara ata 1.300 mm: ☒ SÍ ☐ NON
- Velocidade de impresión ≥ 120 ppm A4 a 450 gr: ☒ SÍ ☐ NON
- O equipo admite un ancho mínimo do papel inferior a 100 mm: ☒ SÍ ☐ NON
- O consumo eléctrico do equipo en funcionamento é inferior a 2.500w: ☐ SÍ ☒ NON
- O equipo dispón dunha zona de arrefriado con ventilación específica para iso despois da fixación: ☒ SÍ ☐ NON
- O equipo dispón dunha zona específica de bandas para minimizar a estática: ☒ SÍ ☐ NON
- O equipo dispón de tecnoloxía de impresión con densíómetros en liña que midan ao 20%, 40%, 60%, 80%, 100%: ☒ SÍ ☐ NON

Lote nº 2: Ricoh Pro C7100:
Cota fixa mensual do servizo:

	Prezo MENSUALIDADE	Prezo ANUALIDADES ²
Importe sen o IVE:	539,58 €	12.950,00 €
IVE (21 %):	113,31 €	2.719,50 €
Importe total ofertado:	652,90 €	15.669,50 €

Prezo unitario de referencia para as copias:

	Prezo unitario, sen IVE	Prezo unitario, con IVE
Copia a cor	0,034900 €	0,042229 €
Copia en b/n	0,0069000 €	0,008349 €

Visto que dita empresa, con data 15 de outubro do 2025, xa presentou a documentación requirida para o Lote nº2, conforme ao artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada nº 2025019435), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia do lote de maior importe. Así mesmo, consta no expediente a constitución da garantía definitiva, correspondente ao Lote nº 2, polo importe de 647,50 euros (carta de pago núm. operación 12025000190804, do 15 de outubro do 2025).



3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Posta en valor do recurso ecosistémico da Rapa das Bestas (Concello de A Estrada)”. (Expte.- 2024080449).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, número 2025008629 de data 27 de outubro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra “Posta en valor do recurso ecosistémico da Rapa das Bestas (Concello de A Estrada)”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28 de outubro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 20/11/2025 procedeu á apertura electrónica dos sobres “únicos” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Posta en valor do recurso ecosistémico da Rapa das Bestas (Concello de A Estrada)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L..

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	87.800,00 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	91.656,13 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	95.615,98 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	95.867,10 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas, detectando que a oferta presentada pola empresa, CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L, de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiña valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.



A Mesa de Contratación acordou facultar ó Secretario para que proceda a requirir á citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustificara a oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

A empresa CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., presentou dentro do prazo, a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2025081020) xustificación da súa oferta, dando traslado da mesma ós Servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas para que emitiran o preceptivo informe.

Consta no expediente con CSV: HGOLNTZZK2B7ZLXS informe do xefe de sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas, no que se recolle o seguinte: *“...se considera que a empresa CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L. non xustifica suficientemente a oferta económica con valores anormais ou desproporcionados (baixa temeraria) presentada pola mesma, e NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra....”*

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACION ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE ÚNICO
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	21,56	10,00	10,00	5,00	46,56
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	4,73	10,00	10,00	5,00	29,73
NAROM, S.L.	3,50	10,00	10,00	5,00	28,50

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “Posta en valor do recurso ecosistémico da Rapa das Bestas (Concello de A Estrada)” que queda da seguinte forma:



POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	46,56
2	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	29,73
3	NAROM, S.L.	28,50

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Posta en valor do recurso ecosistémico da Rapa das Bestas (Concello de A Estrada)” á empresa CONSTRUCCIONES E. C. CASAS S.L., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado91.656,13 €
 IVE (21%)19.247,79 €
 Importe Total 110.903,92 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES E C. CASAS, S.L. (CIF B36147429) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 2804) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa CONSTRUCCIONES E C. CASAS, S.L. mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
 - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares



- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
- b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 4.582,80 €
- c) Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI) de contratista e subcontratistas (modelo anexo III PCAP).
- d) Declaración sobre aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas (modelo anexo IV PCAP).
- e) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión (modelo anexo V PCAP).
- f) Acreditación da inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retenedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación. (Pedir certificado AEAT).
- g) Deberase facilitar o nome e data de nacemento do titular real do contratista e o subcontratista, tal como se define o titular real no punto 6 do artigo 3 da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello, nos termos nos que se determine polo Ministerio de Facenda e Función Pública, coa finalidade de dar cumprimento á esixencia do artigo 22.d) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021. (Xuntarse a acta notarial de titularidade real ou no seu defecto o anexo “Información sobre titularidade real” acompañado de Escritura notarial de titular real e DNI).

A documentación deberase presentar na da sede electrónica da Deputación de Pontevedra, podendo acceder á través do seguinte enlace: <https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/50709505>

4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria, reposición de cunetas na E.P. 1201 Marín-As Penizas, dende o P.Q. 1+650 ao 2+060. Concello de Marín". (Expte.-2025051588).

O Secretario informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, número 2025007712 de data 24 de setembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución



da obra “*Mellora da seguridade viaria, reposición de cunetas na E.P. 1201 Marín-As Penizas, dende o P.Q. 1+650 ao 2+060. Concello de Marín*”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 24 de setembro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 17/10/2025 procedeu á apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes á documentación administrativa e proposta avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria, reposición de cunetas na E.P. 1201 Marín-As Penizas, dende o P.Q. 1+650 ao 2+060. Concello de Marín".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES VALE, SL
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	62.800,00 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.	65.382,03 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	64.652,76 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES VALE, SL	65.087,52 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	69.421,07 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	63.790,26 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	64.007,64 €	3,00%	36 MESES	SI	SI



A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir á citada empresa para que xustificara as súa oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

A empresa CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., presentou dentro do prazo, a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_REX_WEB2025073828) xustificación da súa oferta, polo dando traslado da mesma ós Servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas para que emitiran o preceptivo informe.

Consta no expediente con CSV: 9T6LPM047QXN4BWY informe do xefe de sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas, no que se recolle o seguinte: *“...considero que a xustificación presentada pola empresa CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. NON xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentada pola mesma, e NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra...”*

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE “B”
CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.	28,14	10,00	10,00	5,00	53,14
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	32,27	10,00	10,00	5,00	57,27
CONSTRUCCIONES VALE, SL	29,81	10,00	10,00	5,00	54,81
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	4,16	10,00	10,00	5,00	29,16
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	37,17	10,00	10,00	5,00	62,17
NAROM, S.L.	35,93	10,00	10,00	5,00	60,93

A Mesa de Contratación acorda:



1. Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L. pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “Mellora da seguridade viaria, reposición de cunetas na E.P. 1201 Marín-As Penizas, dende o P.Q. 1+650 ao 2+060. Concello de Marín” que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	62,17
2	NAROM, S.L.	60,93
3	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	57,27
4	CONSTRUCCIONES VALE, SL	54,81
5	CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.	53,14
6	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	29,16

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria, reposición de cunetas na E.P. 1201 Marín-As Penizas, dende o P.Q. 1+650 ao 2+060. Concello de Marín” á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. (CIF B36239861) de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado63.790,26 €
 IVE (21%)13.395,95 €
 Importe Total 77.186,98 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 421) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.



4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

b) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato

- Planta para a fabricación de formigóns bituminosos (mesturas bituminosas en quente) cunha capacidade mínima de 100 toneladas á hora que non diste máis de 100 km por estrada da obra.
- Equipo de extensión de mesturas bituminosas en quente

c) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 3.189,51 €

5. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" relativos á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980 (Concello de Pazos de Borbén)". (Expte.- 2025068408).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 21 de novembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980 (Concello de Pazos de Borbén)*".



O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 26 de novembro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.

A Mesa de Contratación na reunión do día 18 de decembro de 2025 procedeu á apertura nos sobres "A" da documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para á súa valoración.

O Director do Servizo de Infraestruturas Públicas, D. César Aja Chao con data 20 de xaneiro de 2026, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIALES, S.A.	20,00	3,00	23,00
NAROM, S.L.	20,00	2,00	22,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	16,00	3,00	19,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	16,00	3,00	19,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	16,00	2,00	18,00
HORDESCON, S.L.	14,00	2,00	16,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	10,00	1,00	11,00



A Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas Públicas, D. César Aja Chao, de data 20 de xaneiro de 20265, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra *"Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980 (Concello de Pazos de Borbén)"*.

6. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980 (Concello de Pazos de Borbén)". (Expte.- 2025068408).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *"Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980 (Concello de Pazos de Borbén)"*.

LICITADORES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00
NAROM, S.L.	22,00
CONTRUCIONES FECHI, S.L.U.	19,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	19,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00
HORDESCON,S.L.	16,00
